CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio

ACTIVIDADE SUBVENCIONADA POLA
Deputación DA CORUÑA

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XIX - Nº 217. Marzo 2024. Distribución gratuíta

EMPRESA
Análise do proxecto de Altri en Palas de Rei a través de varias entrevistas P8-9

MELIDE
O Concello pon en marcha unha nova edición do ciclo de Domingos de Teatro P13

LECER
Zoelas presenta o 12 de abril o seu espectáculo, "Des(a)fiadas" en Melide P18

ENTREVISTA

Marga Iglesias, Mis Mejores Labores P23

Asetem lanza a iniciativa comercial "Somos Familia. Son mamá e papá"

A Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide lanza a iniciativa comercial "Somos Familia. Son mamá e papá" con 2 vales de 50 euros en premios.

O mecanismo desta campaña é moi sinxelo, xa que a clientela só ten que subir unha fotografía ás redes sociais de Instagram ou Facebook co cancelo #SomosFamilia. As persoas que suban as imaxes con máis "gústame" nestas redes serán as gañadoras dos vales de 50 euros para gastar nos negocios locais. P3

Entrevista de Benvida a Frutas Jose da Andaluza

Neste número do Cerne charlamos con José González, xerente dunha das froiterías da vila, para contarnos todos os detalles do seu negocio e do aumento de prezos no sector. P10

"O IES de Melide traballa a prol da igualdade"

O IES de Melide programa diversas actividades para educar a prol da igualdade. Unha das iniciativas máis destacadas foi o mercado solidario para recadar fondos da ONG "Mujer Wanawake". P21

ANIVERSARIO
COLCHONES, SOMIERES, BASES, CANAPÉS Y SOFÁS
el almacén del colchón by ESPOMASA
N-547, 15800 Furelos, A Coruña
L - S 10:00 a 14:00 16:30 a 20:30
DESCUENTOS DE:
50% 60% 70%
MÁS DE 1000m² DE EXPOSICIÓN
DESCUENTOS HASTA FIN DE EXISTENCIAS

Tribuna de opinión

O Día da Muller é tan necesario como o foi sempre

Un dos mantras máis escoitados cando se achega o 8 - M ou Día Internacional da Muller é aquel que cuestiona a necesidade do mesmo. Seguen existindo algunhas voces que ven innecesario que exista unha xornada para visibilizar as desigualdades e o machismo existente en diversos eidos da sociedade. Hai xente que inclusive afirma que isto do feminismo xa chegou demasiado lonxe.

Unha viñeta feminista do personaxe de Madalfa de Quino. / Foto: El País

O Día da Muller é tan necesario como o foi sempre, xa que a cifra de mulleres asasinadas a mans das súas parellas ou exparellas continúa medrando, a fenda salarial entre homes e mulleres supera o 20%, son elas as que cargan co maior peso dos coidados (de crianzas, dependentes e maiores), porque non deixan de saír casos de violacións ou agresións sexuais, segue habendo mulleres que sofren a mutilación xenital, a prohibición do aborto en determinadas rexións ou a existencia dos teitos de cristal.

O camiño cara á igualdade é longo, faltan quilómetros por percorrer pero estámolo facendo. O aborto xa é un dereito constitucional en Francia, calquera contacto sexual non desexado é agresión sexual, conseguimos unha maior representación en ámbitos tradicionalmente masculinos como a ciencia ou a política, a creación dun sentimento de sororidade, unha linguaxe máis inclusiva, un maior recoñecemento dos nosos dereitos reprodutivos, o medo a denunciar malos tratos cada vez é menor, máis igualdade salarial, e se un marido asasina a súa muller xa non é un crime pasional, é violencia de xénero.

Estes pequenos - gran avances son só o principio. Como dixo Angela Davis, feminista afroamericana, "non estou aceptando as cousas que non podo cambiar, estou cambiando as cousas que non podo aceptar". O feminismo é beneficio para todas e todos, unha cuestión de facer un mundo mellor, máis xusto e equitativo. Unha sociedade da que sentirnos orgullosas.

Editorial

Os horarios da hostalería a debate

Xunta Directiva de ASETEM - CCA

A cociña dun restaurante traballando a pleno rendemento. / Foto: iStock

A vicepresidenta e ministra de Traballo e Economía Social puxo enriba da mesa un vello debate sobre os horarios da hostalería, adáptanse os nosos hábitos aos tempos doutros países europeos?

Antes de chegar a debater sobre a hora de peche dos establecementos hostaleiros sería importante fixarnos nas condicións de traballo das persoas empregadas neste sector. A todas e todos nos gusta, especialmente cando estamos de vacacións, cear ou tomar algo ata máis de media noite. Non obstante, cando se está do outro lado da barra/cociña a todos e todas nos gusta traballar cunhas condicións dignas que nos permitan conciliar a vida persoal e laboral.

Os empresarios e empresarias da hostalería deben facilitar, na medida do posible, uns horarios de emprego que permitan traballar para vivir e non ao contrario. Para que as persoas de fóra e dentro da barra/cociña poidan desfrutar dun dos grandes eidos da nosa economía como é o do ocio.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Lorena Vidal
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 **E-mail:** info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Latexo Logopedia, Ana Mato e CEIP de Arcediago
AGRADECEMENTOS: Imprenta Meligraf e Pilar López
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

ASOCIACIÓN DE MEDIOS EN GALEGO

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- COLABORACIÓNS.....11
- MELIDE.....12
- COMARCA.....17
- ESPECIAL 8-M.....19
- ENTREVISTA.....23

Asetem - CCA lanza a iniciativa comercial “Somos Familia. Son mamá e papá” con 100 euros en premios

A Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide lanza a iniciativa comercial “Somos Familia. Son mamá e papá” con 2 vales de 50 euros en premios.

Este ano, co gallo do 19 de marzo, a entidade empresarial da comarca decidiu crear unha campaña inclusiva para os tradicionais Día da Nai e Día do Pai. Actualmente, “son moitos os modelos de familia na nosa sociedade (monoparental, heteroparental ou homoparental) e é preciso que as asociacións que promovemos diversas actividades o teñamos en conta para chegar a todas as realidades. Penso que somos os pioneiros en Galicia en realizar unha iniciativa deste tipo, totalmente inclusiva”, comenta Pilar López, xerente de Asetem.

Cartel para a promoción da iniciativa comercial, “Somos Familia. Son mamá e papá”. / Foto: Asetem - CCA

Esta campaña de dinamización dos establecementos de proximidade leva por lema: “Somos Familia. Son mamá e papá”, dado que o vindeiro día 19 de marzo é unha escusa perfecta para regalar en familia. A maiores, unha vez máis, mercar nos comercios locais asociados á entidade empresarial da Terra de Melide pode ter premio, dado que se entregarán 2 vales de 50 euros para gastar nas tendas e negocios asociados. Un motivo engadido para comprar os regalos e consumir nos establecementos do municipio, dado que non é preciso trasladarnos a ningunha grande superficie ou cidade para mercar o desexado para esa persoa especial, nin tampouco compralo a través das páxinas web de grandes marcas. “Nos comercios de proximidade a clientela pode atopar diversos artigos de boa calidade e orixinais, a uns prezos razoables e cunha atención 100% personalizada”, comentan dende a directiva de Asetem - CCA.

Para conseguir gañar un destes 2 vales de 50 euros, a clientela só ten que subir unha fotografía a Instagram ou Facebook co cancelo #SomosFamilia, na que se vexa o agasallo ou as persoas que o mercan nunha tenda ou negocio asociado. A fotografía que máis “gústame”obteña en cada unha das redes sociais serán as persoas gañadoras dos vales de 50 euros. Outra das novas desta iniciativa é o papel dos comercios e locais de proximidade, dado que o negocio onde se realice a foto con máis “gústame” recibirá un vale para publicitarse de xeito gratuíto durante un ano no xornal Cerne.

Os gañadores ou gañadoras dos vales de 50 euros comunicaranse o vindeiro martes 19 de marzo a través das redes sociais da entidade empresarial da comarca.

Dende o equipo directivo da Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide queren animar a toda a clientela a mercar os seus regalos e consumir nos establecementos locais, así como a subir fotografías a Facebook ou Instagram co cancelo #SomosFamilia. Ao mesmo tempo, dende a directiva tamén animan aos responsables e empregados dos comercios a “implicarse nesta iniciativa para que sexan o máximo posible o número de imaxes que se vexan nas redes sociais dos nosos negocios”.

Case unha vintena de comercios locais participaron no Mercamelide

Na primeira imaxe, xente que se achegou ata o Mercamelide de Inverno para facer as súas compras. Na segunda, os comerciantes participantes no Mercamelide. / Fotos: Turismo Melide e Comerciantes

O pasado 24 e 25 de febreiro, case unha vintena de establecementos locais déronse cita na trixésima edición do Mercamelide de Inverno, unha das iniciativas máis lonxevas do comercio de proximidade.

Esta convocatoria estivo marcada pola meteoroloxía, dado que o mal tempo fixo que a afluencia de xente fose menor que noutras ocasións, "estiveron dous días de inverno duro e iso non animou a unha parte da clientela a visitar a feira de oportunidades", comentan os responsables dos establecementos participantes. A pesares disto, a xente que se acercou ata o Pazo de Congresos melidense "viña con ganas de ver os produtos e mercar aproveitando os fortes descontos deses días", afirman dende o tecido empresarial. Este ano incrementouse o número de negocios participantes, o que axudou a facer esta feira máis atractiva, especialmente para a xente que viña doutros concellos.

Unha das novas desta convocatoria foi o servizo dunha *food-truck* que durante a fin de semana estivo poñendo o toque máis doce. Outro dos complementos desta iniciativa foi o servizo de gardería, instalado no Pazo de Congresos de xeito gratuíto para todas as familias que se acercaron a facer as súas compras nesta feira de oportunidades.

A maiores, o Mercamelide de Inverno non só é unha excelente oportunidade para vender os artigos en stock, dado que tamén funciona como escaparate para darse a coñecer entre a clientela da contorna.

Dende a Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide queren amosar o seu agradecemento a todas as persoas que se acercaron ata o Mercamelide de Inverno para mercar, así como a todas as responsables e empregadas dos establecementos participantes polo seu traballo e compromiso coa feira de oportunidades. Por outra parte, dende Asetem tamén queren amosarlle o seu agradecemento ao Concello de Melide por colaborar activamente na organización desta campaña comercial.

Os datos do paro continúan a subir levemente na comarca en febreiro

Oficina de Emprego do municipio melidense, situada na Rúa Eduardo Álvarez Carballido. / Foto de arquivo

Co peche de febreiro continúa a tendencia de lixeira suba dos datos do paro na comarca da Terra de Melide. No segundo mes do ano a cifra de persoas desempregadas acadou os 442, 10 máis que en xaneiro, o que implica un leve aumento.

Se dividimos os números por concellos: Santiso e Sobrado lévanse as boas novas, xa que nestes municipios atoparon traballo 3 e 4 persoas, respectivamente; en Toques e Melide están os peores datos, dado que están paradas 15 e 2 persoas máis que o mes anterior, respectivamente. Estas cifras espérase que se baixen de xeito inminente ante a chegada da Semana Santa, onde o sector do ocio, sobre todo, a hostalería precisa reforzar o cadro de persoal polo incremento da chegada de turistas.

Ao observar os datos por sexo, as mulleres continúan levando a peor parte, en febreiro na comarca hai no paro 23 mulleres máis ca homes. Melide é o municipio con maior diferenza entre sexos, con 53 mulleres máis. Por sectores, o peor parado volve ser o eido dos servizos, onde hai 207 persoas buscando emprego, seguido moi de lonxe polo sector primario (34) e a industria (33). O sector con menos paro continúa sendo a construción (19).

Nas comarcas da contorna, atopamos a Ulloa cunha situación moi similar á da Terra de Melide. Neste caso, o número de desempregados tamén aumenta levemente ata os 11 (5 en Monterroso, 4 en Palas de Rei e 2 en Antas de Ulla), medrando en todos os seus concellos e quedando a cifra final en 309 persoas desempregadas.

En febreiro, o contrapunto nesta zona do centro de Galicia puxéronno as comarcas de Arzúa e O Deza, onde descenderon os datos do paro. Por unha banda, Arzúa sofre unha baixada máis lixeira, dado que son 2 as persoas que atoparon traballo con respecto ao mes de xaneiro. Os números debullados por concellos quedan: 11 e 2 menos en Arzúa e O Pino, respectivamente, 4 máis en Boimorto e 7 en Touro. Pola outra banda, na zona do Deza atoparon traballo 21 persoas, os mellores datos rexístraos Lalín con 22 desempregados menos, seguida de Vila de Cruces con 3 e da Golada con 1; pola contra, en Rodeiro aumentou o paro en 3 persoas e, en Silleda e Dozón en 1.

A Audiencia Nacional confirma as condenas ás industrias que formaban o Cártel do Leite

A Sala do Contencioso - Administrativo da Audiencia Nacional confirma as condenas ás industrias que formaban o Cártel do Leite. A Xustiza ditaminou que oito empresas lácteas e dúas asociacións formaron un cártel e intercambiaron información comercial sensible para coordinar a compra de leite. Isto, confirma a resolución previa da Comisión Nacional do Mercado da Competencia e as protestas públicas do Sindicato Labrego ao respecto das prácticas ilegais que as empresas executaban para impedirlle ás explotacións cuestións básicas como cambiar de empresa ou reclamar mellores prezos.

O Tribunal confirma as multas de 11'6 millóns a Grupo Lactis Iberia, 929.644 euros a Schreiber Food España, 8'5 millóns de euros a Calidad Pascual, 53.310 euros a Central Lechera Galicia e 6'8 millóns a Nestlé.

A Sala indica que estas empresas (competidoras entre si no sector lácteo) intercambiaron información sobre prezos e outras condicións comerciais, como excedentes de leite, a través das asociacións investigadas. A maiores, tamén se consideran acreditados os contactos sobre gandeiros co fin de acordar estratexias.

Deste xeito, estas empresas que formaban o Cártel do Leite reduciron, segundo a Audiencia Nacional, "a competencia e o poder de negociación dos gandeiros". A finalidade era "controlar o mercado de aprovisionamento e leite crúa de vaca".

Dende o Sindicato Labrego Galego fan fincapé en que a pesares de non ser sentenzas firmes e poden ser recorridas en Casación ante o Tribuna Supremo, "son unha boa noticia para as explotacións gandeiras que decidiron reclamar contra o Cártel do Leite, xa que se veñen a confirmar as teses que dan lugar a dita reclamación, e constitúen un paso importante no camiño de reclamación das perdas económicas ás empresas do Cártel".

O SLG comenta que as prácticas destas empresas do sector lácteo datan, canto menos, do ano 2.000, no que aínda había en activo 53.355 granxas de leite no Estado (das cales 28.231 eran galegas) e prologáronse até o 2013. "O pacto de prezos fraudulento establecido entre estas industrias lácteas acabou contaminando a totalidade do sector, que fixou uns prezos artificialmente baixos e impediu ás granxas cambiar de empresa, alterando polo tanto as condicións do mercado. Polo tanto, os prezos do resto víronse afectados, prexudicando a todas as granxas que entregaban leite, o cal podía permitirlles reclamar como afectadas contra o Cártel do Leite", destacan dende o Sindicato Labrego.

Unha granxa de vacas de leite como as afectadas polo Cártel. / Foto: SLG

Ademais, o SLG realizará asembleas informativas para achegarlle á xente as novidades e a situación actual do proceso contra este Cártel do Leite.

Aberto o prazo para solicitar os préstamos directos para facilitar o investimento das pemes galegas

Unha empresaria facendo cálculos, como poden ser os dos préstamos para pemes galegas do Igape. / Foto: iStock

A Administración Autonómica abriu o prazo de solicitudes dunha nova convocatoria da liña de préstamos directos do Igape para posibilitar o financiamento e os investimentos do tecido empresarial. O programa suma nesta ocasión 30 millóns de euros na procura de promover a competitividade de pemes e autónomos galegos, mellorando as condicións de acceso ao crédito.

Así, os xuros, que se determinarán en base ás características de cada operación, contarán cunha bonificación de ata 5 puntos porcentuais no tipo de xuro. Isto permitirá que o Igape poida conceder préstamos con tipos de xuro a partir do 2%. O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto ata o vindeiro 29 de novembro ou ata esgotamento do orzamento previsto.

A convocatoria presenta dúas grandes novidades: por unha banda, a concesión de préstamos para financiar a implantación de empresas galegas no exterior e, doutra banda, os préstamos para financiar circulante para as empresas de transformación e comercialización de produtos da pesca e acuicultura, e para a industria manufactureira.

No tocante á liña de internacionalización, está previsto financiar a empresas con centros de traballo en Galicia que poñan en marcha novos establecementos, sucursais ou filiais ata en 60 países. O importe mínimo dos préstamos oscilará entre os 300.000 e o millón de euros, contribuíndo á expansión do tecido empresarial.

A segunda novidade céntrase nas empresas de transformación e comercialización de produtos da pesca e acuicultura e na industria manufactureira, articulando os mecanismos necesarios para facilitar a concesión de préstamos na procura de acomodar a devolución dos mesmos ao diñeiro xerado polas operacións das empresas. O importe dos préstamos oscilará tamén entre os 300.000 e o millón de euros, cunha duración de oito anos con dous de carencia.

Ao mesmo tempo, o programa tamén atende aos investimentos estratéxicos de pemes e autónomos, promovendo a creación de novas instalacións e a mellora das existentes, ou o incremento da súa capacidade produtiva. Cubrindo ata o 50% do investimento a financiar, cun máximo de 5 millóns de euros, e unha duración de 12 anos.

A Federación Galega de Comercio oferta diversas accións formativas en liña para todo o comercio

Unha persoa realizando unha formación en liña no portátil. / Foto de arquivo

A Federación Galega de Comercio oferta diversas accións formativas en liña para todo o comercio durante este mes de marzo.

Os cursos son: analítica web e plan de marketing dixital, contabilidade, redes sociais, especialista en e-commerce, atención ao cliente e calidade do servizo, habilidades directivas e xestión de equipos, marketing en liña: deseño e promoción de sitio web, técnicas de negociación e venda, Wordpress, xestión sostible dos residuos, tenda virtual: Prestashop, xestión e control de compras e stock en almacén e, por último, posicionamento web SEO/SEM.

Todas as formacións son completamente en liña dada por expertos nas diferentes materias e gratuítas ao 100%, dado que están subvencionadas pola Xunta de Galicia e o Ministerio de Educación e Formación Profesional, o que significa que non consome créditos de formación e non ten ningún custe. A duración das formacións varían entre 30 e 60 horas.

O alumnado que consiga superar o curso recibirá un diploma que certifica o correcto aproveitamento do mesmo.

Para solicitar unha praza nalgunha das accións formativas é preciso enviar un WhatsApp ao 619 926 324, chamar ao 900 100 957 (gratuíto) ou a través da páxina web de Cluster Comercio Galicia.

Ademais, nestas formacións de comercio pódense anotar persoas que actualmente estean en situación de desemprego, a maiores das traballadoras e traballadores do sector.

Asetem organiza un novo curso de Manipulador de Alimentos

Mulleres traballando co curso de manipulador de alimentos. / Foto: iStock

A Asociación de Empresarias e Empresarios da Terra de Melide organiza un novo curso de Manipulador de Alimentos para principios do mes de abril nas instalacións da entidade.

As persoas interesadas en participar nestas xornadas formativas deben anotarse chamando ao teléfono 981 50 61 88, enviando un correo a info@asetem.com cos seus datos (nome e número de teléfono) ou acudindo ás oficinas de Asetem (en horario de 9:00 a 14:00 horas), antes do venres 22 de marzo.

Este curso ten un custo de 30 euros e, unha vez superado, o alumnado levará o seu título de Manipulador de Alimentos.

PRUEBA 1 MES
AUDÍFONOS
GRATIS

tábora
CENTRO ÓPTICO Y AUDITIVO

ESTUDIO AUDIOLOGICO GRATUITO
FINANCIACION SIN INTERESES
ÓPTICA TÁBORA MELIDE
RUA PROGRESO,13
Tlf: 981 505 199 634950412

NUEVA
UBICACIÓN

tábora
CENTRO ÓPTICO Y AUDITIVO

ÓPTICA TÁBORA MELIDE
RUA PROGRESO,13
Tlf: 981 505 199 634950412

“A decisión de instalar a fábrica de fibras téxtiles de Altri en Palas de Rei é estritamente empresarial”

- Por que Altri decidiu instalarse en Palas de Rei e non noutra localidade?

- Pablo Taboada (alcalde de Palas de Rei): Foi unha decisión estritamente empresarial. Neste caso, Altri contratou a unha consultora (Alfri) que se dedica a este tipo de asesoramento para acomodar empresas deste eido, baralláronse máis de 40 posibles localizacións, non só en Galicia. Ao final decidíronse por Palas de Rei pola situación xeográfica, as comunicacións coa autovía A-54, a dispoñibilidade de solo e os recursos hídricos. Isto xurde tras a identificación do proxecto, o cal non nace así como así, Europa é quen o identifica como un proxecto tractor e que se pode implantar na Comunidade.

Pablo Taboada, alcalde de Palas de Rei, no seu despacho das instalacións da Casa Consistorial. / Foto de arquivo

- Varias asociacións e plataformas ecoloxistas están advertindo sobre a gran cantidade de recursos hídricos que Altri vai precisar, é sostible unha empresa que vai empregar 46.000 metros cúbicos de auga ao día?

- P.T: Onde di que non sexa sostible? Europa identificou este tipo de iniciativa como o futuro, xa que non podemos seguir fabricando a roupa coma ate o de agora. Estou falando de memoria pero fabricar un pantalón vaqueiro consume máis de 2.000 litros de auga, fabricalo con este sistema, que é o *lyocell*, a cuarta parte.

A auga vaise recoller do Embalse de Portodemouros, actualmente esta auga non é apta nin para consumo humano nin tampouco animal. De todos xeitos, esta auga vaise devolver en perfectas condicións. As esixencias e criterios medioambientais que impón Europa son moi estritos, non hai por que dudar nin da solvencia técnica do persoal da Xunta de Galicia que vai examinar o proxecto nin da UE. En todo caso, non molesta para nada que a xente presente alegacións ao proxecto, pode ser que ata nós mesmos como Concello as presentemos nun momento dado porque pode haber algunha afectación que sexa susceptible de presentar alegacións. A canalización de augas é certo que afecta menos a Palas de Rei que a outros municipios pero ningún responsable político da zona, nin dos Gobernos nin da oposición, me manifestou ningunha inquietude.

Se damos marcha atrás no tempo, cando aínda non se sabía que o proxecto de Altri ía vir para Palas todos o querían, alcaldes de diferentes cores políticas. Logo, cando no Parlamento de Galicia se vota que se instale na provincia de Lugo saíu por unanimidade. Entón, cal é o problema? Hai unha certa inquietude porque veña para a nosa comarca. Eu respecto a posición de todo o mundo e animo a todas as persoas que se poidan sentir afectadas a que presenten alegacións pero tamén pido que se respecte a miña posición.

- Esta fábrica instalarase nunha zona proposta pola Xunta de Galicia para a ampliación da Rede Natura. É dicir, unha zona de especial protección creada para conservar a biodiversidade que vive nela. Non é incoherente que unha empresa coma esta se poida instalar nunha zona á que lle ían dar unha especial protección?

- P.T: Os terreos onde vai a fábrica non está en Rede Natura, están nunha zona próxima. É certo que se propuxeron como ampliación da Rede Natura pero de momento non se decidiu.

- Non é contraditorio poñer unha empresa destas características nunha zona na que a Xunta estudaba poñer protección medioambiental?

- P.T: Dende a Xunta de Galicia e o Concello de Palas de Rei aténdense todas as peticións, coa construción da A-54 houbo que modificar certas cousas para respectar a biodiversidade onde existe, isto tocará cando se presente o proxecto de construción e non previamente.

Tras o COVID Europa xera uns fondos, chamados Next Generation, que son para a recuperación despois da pandemia. A economía quedou tocada por razóns obvias e identificáronse unha serie de proxectos como puido ser Stellantis en Vigo. Eu non escoitei a ninguén falar das bondades de Altri en canto á Lei de Residuos, Europa dixo claro que non podemos seguir fabricando con fibras textiles plásticas. Actualmente, Galicia é a Comunidade Autónoma que máis exporta no sector do téxtil de toda España, está entre as 10 primeiras de Europa. As grandes marcas nos seus Consellos de Administración din que o futuro pasa polo *lyocell*.

Que lles digo eu ás miles de persoas que viñeron ao Concello e me preguntan a diario, incluído en Melide, por este proxecto? Cal é a mellor forma de incentivar o comercio? Na comarca son o alcalde que máis tempo leva no cargo, uns 20 ou 25 anos, alguén cre que eu ía poñer sobre a mesa algo que tivera a máis mínima posibilidade de ser prexudicial para a vila onde teño toda a miña vida?

- Coa instalación de Altri non hai perigo de vivir un monocultivo de eucalipto?

- P.T: Esta fábrica vai levar madeira certificada de bosques, sobre todo eucalipto, pero tamén sabemos que os criterios de plantación de eucalipto está perfectamente articulados dende hai tempo e é de obrigado cumprimento. En todo caso, o consumo de eucalipto desta empresa nun primeiro momento, xa que despois leva unha segunda liña de negocio que é a reciclaxe da roupa, é do 12% . Esta é unha oportunidade histórica para as comarcas da Ulloa e a Terra de Melide.

- Fálase deste proxecto como unha oportunidade a nivel laboral, con centos de postos de emprego, vai ser tal a repercusión entre a veciñanza da contorna?

- P.T: Cada semana chéganme decenas de currículums de xente de Monterroso, Antas de Ulla ou Melide para cando se instale Altri. Unha das grandes necesidades desta zona é o emprego.

- Hai a formación específica necesaria para esta empresa na nosa contorna?

- P.T: A raíz disto temos que traballar na Formación Profesional Dual, os centros de formación deben estar próximos á fábrica (en Palas ou Melide). O volume de traballo na construción vai ser moi alto. Invito á xente a reflexionar sobre as bondades do proxecto e non só ver os puntos débiles.

***Esta entrevista realizouse antes da publicación no DOG do proxecto ambiental de Altri e de abrirse o prazo de alegacións para o mesmo.*

“Nun contexto de escaseza de auga, a fábrica de Altri implicaría o consumo de 17 piscinas olímpicas ao día”

- En que consiste o proxecto da Plataforma Ulloa Viva?

- Marta Gontá (portavoz da plataforma): Esta plataforma comezou a crearse fai 2 anos, dende que nos decatamos de que Altri ten pensado instalarse en Palas de Rei. Ao principio intentamos obter información, para o que nos puxemos en contacto con Altri, a Xunta de Galicia, o Concello de Palas de Rei e diferentes perfís profesionais expertos nestes temas. De feito, fixemos varias xornadas informativas en Palas de Rei ás que non acoden nin responsables de Altri nin tampouco da Administración autonómica.

Segundo pasaba o tempo, iámonos informando, a través dos medios de comunicación, que o proxecto a realizar xa non tiña nada que ver co comunicado nun principio. Nun primeiro momento falouse de que ía ser unha fábrica de *lyocell* localizada na Finca Quintas que conta cunha extensión de 120 ha, pero, no proxecto da captación de vertido que publica Altri a fábrica vai ser unha combinada de *lyocell* e celulosa. Neste mesmo documento, fala de 400.000 toneladas de celulosa soluble ao ano e 200.000 toneladas de *lyocell*, e nunha primeira fase 250.000 de celulosa e 65.000 de *lyocell*, catro veces máis que de *lyocell*. Tamén presentan un plano da fábrica na que xa non son 120 ha, senón unha extensión de 366 ha, nas que se encontran moitas fincas privadas de gandeiros que se prevé que pretendan expropiar.

No que respecta ao consumo de auga, serían 640 litros/segundo de captación máxima cun total de, 46 millóns de litros ao día, o equivalente a 17 piscinas olímpicas. Auga que se vai coller do Embalse de Portodemouros, e cun vertido de 30 millóns de litros ó día de augas contaminadas. Portodemouros xa ten problemas actualmente pola mala calidade de auga nos meses de verán, incumpre a Directiva 2000/60/CE (Directiva Marco das Augas - DMA) que obriga a ter en bo estado os ríos, lagos, encoros, masas de auga de transición e costeiras, cunha última proba dende a UE que finaliza en 2027, coa chegada de Altri esta situación só empeoraría.

Mapa do territorio da factoría de Altri, a zona de Rede Natura e da proposta de ampliación da mesma. / Foto: P. Ulloa Viva

- Que outras desvantaxes tería a instalación desta fábrica en Palas?

- M.G: A maiores do consumo de auga e o vertido, está a plantación masiva de eucalipto, a afectación á Rede Natura 2000, os problemas socioeconómicos facendo fincapé no sector agrogandeiro e no Camiño de Santiago, o inxente número de camións entrando e saíndo da fábrica (máis contaminación, máis ruído...), e o máis importante, está a saúde das persoas. Como vaia afectar a contaminación aérea que se prevé crítica a 10 km a redonda? Melide por exemplo está a 6 km da fábrica. Que gases contaminantes van ter que respirar e en qué proporción? Como se vai controlar a chuvia ácida? Precisamos respostas que ninguén nos dá, só nos bombardean coas bondades de Altri e cos 500 postos de traballo que a empresa promete.

- A este respecto está vixente unha lei que prohibe plantar eucalipto onde non o houbera previamente.

- M.G: Si, pero esa lei está vixente ata o 2025 e sacarán outra se vén Altri na que si se poida. Isto funciona así, soamente fai falta ter os amigos suficientes para cambiar as leis ao teu antollo e xa se están cambiando. Este é un proxecto que non colle en cabeza humana, van levar un polígono industrial de 366 ha ao monte, facendo que a veciñanza das aldeas próximas vivan nun polígono industrial. Ti se vas solicitar permiso para facer unha vivenda xunto a un polígono industrial xa non che dan permiso, pero levalo ao monte si? Onde queda a ordenación do territorio? A maiores, hai que aclarar a que zona, hai 3 especies de flora que só viven nese territorio en todo o mundo.

- Unha zona que a Xunta propuxo para ampliar a Rede Natura 2000.

- M.G: Correcto. A Rede Natura é un caso para estudar porque vaia casualidade que acaba xusto onde comeza a parcela de Quintas na que Altri se quere instalar, por que será? Aínda que a Xunta si a propuxo no seu día para ampliar, agora parécelle ben facer un polígono industrial. Isto xa é outra película porque, reunida coa veciñanza de Santiso, díxome unha veciña: eu para limpar os toxos da miña parcela teño que pedir permiso e non sempre mo dan porque está dentro da Rede Natura, porén co proceso de captación de auga desta multinacional van vir e arrasar con 10m de ancho, nunha parte de 6m de ancho, outra por un percorrido de 12’5km e non pasa nada. Estas declaracións explican dun xeito moi sinxelo o que fan os cartos.

- Neste contexto de seca, chama aínda máis a atención a gran cantidade de auga que precisa esta empresa.

- M.G: Nun contexto no que Galicia ten escaseza de auga, non soamente Andalucía e Cataluña. Todos estamos familiarizados con que no verán dende os Concellos se prohiba lavar os coches ou regar os xardíns por mor da falta de auga. Ademais, a outra celulosa que temos aquí ás portas, Ence, o ano pasado pechou 3 meses porque o Río Lérez non levaba auga. A seca xa está en Galicia pero estes señores si poden captar 17 piscinas olímpicas de auga ao día.

- Este proxecto de Altri afectaría ás empresas da contorna?

- M.G: Totalmente. Por varios motivos: ós agricultores e gandeiros, como lles vai afectar toda esta contaminación e a falta de auga que ocasionará Altri? Como vai afectar ó Camiño de Santiago ter como vistas un polígono industrial de 366 ha, o cheiro a celulosa e centos de camións entrando e saíndo da fábrica aumentando a contaminación e o ruído? Realmente isto é compatible co Camiño de Santiago? De feito, no proxecto que vén de ser publicado dende a Plataforma denunciamos o “engano” que as administracións e a propia empresa levan feito durante estes meses anunciando 2.500 postos de traballo na fábrica, cando segundo figura no anuncio do DOG do pasado 4 de marzo no proxecto presentado pola empresa só figura o tratamento de augas residuais sanitarias coa empresa en explotación “cunha capacidade de 50 metros cúbicos ao día, o que quere decir 200 persoas” segundo aparece publicado no Diario Oficial de Galicia.

“En Frutas Jose da Andaluza facemos 24 feiras ao mes, imos a todos os concellos da contorna”

- Que podemos atopar na túa froitería?

- José González: Froita e verdura variada de calidade, moi fresca e a bo prezo.

- Soes apostar polo produto de proximidade?

- J.G: Si claro, no tempo da froita do país como o tomate ou o pemento no verán, ou agora os grelos e as nabizas, sempre intento comprarlle aos veciños da zona. Como digo eu, dedícome ao “trapicheo”, compro nun lado e vendo no outro. Doulle prioridade ao produto de proximidade pero é certo que cando non hai aquí teño que recorrer a outros produtores. Intento ter de todo durante todo o ano, tendo sempre en conta a demanda.

- O consumidor parece que mudou un pouco a súa maneira de mercar porque agora demándanse certos produtos durante todo o ano sen necesidade de que sexa a súa época de produción.

- J.G: Totalmente, un caso moi sorprendente é o das cereixas, hai xente que quere comer cereixas polo Nadal. Obviamente non son de proximidade, veñen de países como Arxentina ou Chile a uns prezos desorbitados, uns 15 ou 18 euros o quilo. Non obstante, o mercado é quen manda, se a clientela quere e paga hai que telo.

- Traballades moito o tema das feiras e mercados.

- J.G: É o noso punto forte. Nós facemos 24 feiras ao mes, imos a todos os concellos da contorna e chegamos a Sarria e Bandeira. Dende que tiñan o negocio meus pais percorremos moitos quilómetros para ir aos mercados, nós estamos preparados para facer ata dous no mesmo día ou inclusive tres. A maioría son feiras ás que levamos indo moito tempo, a algunha máis de 40 anos polo que xa tes unha fidelidade coa clientela moi grande. Logo, como son mercados moi próximos uns dos outros, temos clientes que nos compran en varias feiras. O que está en Melide igual tamén vai a Arzúa e a Curtis.

José González coas súas fillas na súa tenda de froitas e verduras, xunto ao Cuartel da Garda Civil en Melide. / Foto: Cerne

Ademais, fai uns anos comezamos a traballar con comedores escolares e coa hostalería. De feito, no 2023 foi impresionante o que se traballou coa hostalería, especialmente Arzúa e Palas de Rei, co tema do Camiño de Santiago. Levo moito tempo nisto e nunca vendín tantas laranxas como o ano pasado. Os peregrinos son unha fonte de riqueza grandísima é unha sorte que o Camiño de Santiago pase por aquí, dado que directa ou indirectamente todos comemos del.

- Hai relevo xeracional por parte da clientela nas feiras?

- J.G: A clientela dos mercados estase envellecendo. É certo que a crise económica na que estamos inmersos fainos mirar polos prezos. Cando eu me criei se eras unha persoa traballadora facías cartos, neste momento aínda que traballes moito non o tes tan fácil. Isto implica que a xente vese obrigada a comparar máis os prezos e ver onde lle compensa máis mercar cada produto.

- Dirías que baixaron os domingos de Melide?

- J.G: Eu vivín as feiras do municipio cando había gando, iso era totalmente increible. A xente tiña carto fresco de vender os becerros e ía mercar sen importarlle canto gastar, compraba: zapatos, comida, roupa, etc. Na actualidade non, dende as vacas tolas cambiou todo radicalmente. É certo que a feira de Melide se viu afectada polo cambio que se fixo durante a pandemia pero penso que agora a xente xa está afeita, de feito penso que foi un acerto quitar ás persoas da estrada xeral porque era un perigo. A nivel comercios da zona e feirantes do téxtil tivo que ser difícil volver facer a xente noutra localización. Nós na Praza das Coles non o notamos tanto porque é o de sempre. A maiores, a feira de Melide ten unha vantaxe que non sucede noutros lugares, dado que aquí tes catro ou cinco feiras ao mes. Entón, venche un domingo malo e tes outros tres ou catro para compensar e a final de mes sempre che dan as contas. De feito, vivimos en Melide por mor da feira, xa que meus pais eran feirantes e mercaron aquí unha casa polo ben que lles ía neste mercado. A nós, por exemplo, aféctannos moito as festas como o Melindre ou a Foliada que se celebran tamén na Praza das Coles polo tema das carpas. Para nós a época máis forte é a primavera - verán.

- No voso sector houbo un forte incremento dos prezos?

- J.G: Si o sufrimos pero quero facer un pequeno razoamento: nós estamos exentos do IVE dende hai arredor dun ano, pois eu só notei a baixada dos prezos durante a primeira semana. É certo, que temos o IVE do 4%, entón non se nota moito en compras pequenas pero empezas a mover notas de 3.000 ou 4.000 euros e así a porcentaxe xa supón uns cartos. Se esta baixada do IVE só se notou a primeira semana, a miña pregunta é: quen está comendo ese 4%? Porque a xente estao pagando igual.

Eu acórdome, non fai tanto anos, a froita era algo complementario para a merenda dos cativos e cativas e tiña un prezo moi económico, polo que a xente compraba moita aínda que despois lle sobrara. Antes por 10 ou 15 euros tiñas froita para aburrir e hoxe por eses cartos levas unha bolsiña con 4 cousas. Hai produtos que, dentro dos prezos actuais do mercado, seguen sendo máis económicos como no noso caso o plátano, grazas a un trato que temos cunha empresa grande de plátanos, mantemos o prezo do quilo a 1 euro durante todo o ano.

- Aquí en Melide tamén contas cun establecemento.

- J.G: Si, o almacén de sempre, enfronte do Cuartel da Garda Civil. Neste espazo, habilitei a parte de diante dunha das dúas naves e convertina nunha pequena tenda. O noso punto forte con respecto a outros comercios da vila é o aparcamento, dado que nesa zona pódese aparcar facilmente.

ESTE MES LATEXO LOGOPEDIA CÓNTACHE...”

Cristina Fernández Barros
Nº col. 15/0099

latexo logopedia
Rúa Rosalía de Castro, 3 Melide
Teléfono: 642 007 210

PERDA AUDITIVA E LOGOPEDIA

A perda auditiva pode ocorrer en calquera momento da vida e por diferentes razóns. Cando algunha das partes do sistema auditivo non funciona de forma correcta e coordinada, dá como resultado unha perda auditiva. Segundo as estruturas afectadas, o momento vital da perda auditiva e o grao da mesma, traerá maiores ou menores consecuencias.

Desta maneira, se existe un bloqueo para que o son pase dende o exterior ata o oído medio, considerarase unha perda auditiva condutiva, sendo común por exemplo en nenos con moco no oído que non poden escoitar ben pero que tras un tratamento medicamentoso ou con cirurxía (drenaxes) recuperan a audición normal. Se a perda auditiva se produce porque existe unha alteración no funcionamento do oído interno ou do nervio auditivo, estaremos ante unha perda auditiva neurosensorial, que non poderá ser corrixida de forma tan sinxela. Precisará aparellos que lle axuden a esas estruturas a conseguir o normal funcionamento, como poden ser os audífonos ou os implantes cocleares, dependendo da cada caso particular. Tamén pode darse unha combinación de ambas formas de perda auditiva ou incluso pode darse o caso de que sexa o cerebro o que non é capaz de interpretar a información que chega a través da vía auditiva.

Segundo o grado de perda, a persoa terá dificultades para oír algúns sons (perda leve), non poderá escoitar a fala nun volume normal (perda moderada) ou incluso só poderá percibir algúns sons fortes (perda profunda). Ademais tamén influirá que a persoa teña perda uni (un só oído) ou bilateral (ambos oídos) para que a súa comunicación sexa máis ou menos fluída co entorno.

A logopeda será a encargada de traballar con diferentes estratexias, segundo todos os aspectos especificados ata agora e tamén dependendo da etapa da vida da persoa na que se produza a perda auditiva, para mitigar esas alteracións na comunicación coas outras persoas.

Se a perda auditiva se produce antes de que a persoa comezara a falar, as dificultades serán maiores e precisará de maior apoio tanto para a aprendizaxe da lingua de signos (se fora o caso) ou técnicas que permitan aumentar a calidade da comunicación oral da persoa (lectura labial, fala signada, xestos de apoio á pronunciación e á lectura). Así mesmo, a logopeda encargarase do manexo comunicativo nos casos nos que se use aparatoloxía (adestramento en comunicación con implantes cocleares e/ou audífonos).

Se a perda auditiva se produce na idade adulta tamén se recomenda facer intervención sobre as dificultades para evitar o illamento na vida diaria, posto que a falta de audición diminúe a interacción cos iguais sobre todo en ambientes ruidosos. Isto tamén debe terse en conta coas persoas maiores xa que, a perda auditiva asociada á idade, pode acelerar procesos de deterioro cognitivo por non ser capaz de seguir con actividades da vida diaria que implican á audición.

Se temos forma de paliar as dificultades que van aparecendo na vida, sempre será adecuado facelo coas ferramentas das que dispoñamos.

O Plan Único da Deputación provincial financia con 460.000 euros a mellora e posta en valor da Rúa do Convento e Ronda da Coruña

A Ronda da Coruña, unha das zonas na que se realizarán obras de mellora e posta en valor co POS. / Foto de arquivo

O Concello de Melide vén de licitar as obras de mellora a posta en valor da Rúa do Convento e Ronda da Coruña, ambas incluídas no POS + adicional 2023.

A Deputación provincial financia o 100% destas dúas actuacións con preto de 460.000 euros, os licitadores teñen de prazo para presentar as súas ofertas ata os vindeiros 20 e 21 de marzo respectivamente. As dúas actuacións afectarán tamén á travesía do Progreso, rúa San Pablo e rúa San Pedro.

As obras, no casco da Ronda da Coruña, tentan reformar e poñer en valor o tramo que vai desde a citada ronda e a Rúa do Convento, e deste xeito continuar as melloras realizadas no casco histórico. O obxectivo desta actuación é acondicionar o Camiño de Santiago ao seu paso polo centro urbano, a rexeneración ambiental e humanización, a accesibilidade e a mellora da seguridade viaria, ordenando o tráfico rodado de cara á futura peatonalización do mesmo. Para isto, renovaranse os pavimentos, a rede de saneamento, o subministro de auga, a iluminación, o mobiliario urbano e o axardinado.

A Rúa do Convento, pola que pasa o Camiño de Santiago, é paralela á estrada autonómica AC - 840. Con respecto a esta rúa, ampliarase a beirarrúa cara a estrada autonómica o que poñerá en valor como elemento central a fonte do cruce. No tramo que vai desde a Rúa Progreso e San Pedro restrinxirase o aparcamento e o tráfico, unicamente con posibilidade de acceso a garaxes. Unha vez rematada a obra, peóns e vehículos compartirán a vía que vai desde a Rúa San Pedro cara a Praza do Convento. Neste caso, aproveitarase para rexenerar o axardinamento mantendo as especies vexetais de interese como o magnolio e con novas plantacións. En canto á travesía do Progreso tamén se propón a renovación de pavimentos, ordenación do tráfico, rexeneración ambiental, e do mobiliario urbano.

Con esta actuación melloraranse as infraestruturas do Concello de Melide, humanizando un espazo moi transitado.

O Goberno aproba definitivamente o proxecto de mellora da estrada N-547 ao seu paso por Melide



O mapa coa localización exacta na que se vai realizar a actuación do Ministerio de Transportes en Melide. / Foto: M.T

O Goberno do Estado, a través do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, aproba o expediente de información pública e definitivamente o proxecto de trazado para mellorar a seguridade viaria e reordenación de accesos na estrada N-547, no quilómetro 49'450, no termo municipal de Melide.

O presuposto destas obras ascende a 499.711 (IVE incluído). Logo desta aprobación definitiva, o Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible continúa coa redacción do proxecto de construción, onde se define dita actuación co grao de detalle necesario para facer posible a súa construción e explotación, segundo o establecido na Lei 37/2015, do 29 de setembro. Unha vez se aprobe dito proxecto, procederase á licitación das obras.

Esta iniciativa implica a execución dunha intersección canalizada tipo glorieta na entrada ao municipio melidense, para calmar o tráfico existente na zona e reordenar os accesos existentes, mellorando con isto a seguridade viaria.

Para conseguir os obxectivos deste proxecto realizaranse as seguintes actuacións: a execución de interxección tipo glorieta no quilómetro 94'450 na estrada Nacional 547, o coñecido como Cruce de Santa María; e, a reordenación de accesos na zona para a conexión da N-547 coa estrada provincial 4603 (dirección Visantoña) e a Rúa Sabián.

Outras das obras complementarias que se van realizar para conseguir mellorara a seguridade viaria na zona son: a rehabilitación do firme; reposición de drenaxe, iluminación, servizos e propiedades; e, por último, a reposición e adecuación de sinalización, balizamento e defensas.

A construción desta nova rotonda, no casco urbano de Melide, é un dos proxectos do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible na zona que se suma ao realizado en marzo do pasado ano, no que se mellorou o firme da estrada nacional 547, tanto no termo municipal de Arzúa como de Melide. Estas obras para mellorar o firme custaron preto de 500.000 euros.

Esta estrada nacional é unha das máis transitadas na zona por turismos e vehículos pesados, polo que é imprescindible o seu bo mantemento para asegurar a seguridade viaria da poboación.

A Asociación de Troiteiros Río Furelos presenta o seu programa de actividades para este 2024

Os membros da directiva na XXI Asemblea Xeral Ordinaria. / Foto: A.T.R.F

A Asociación de Troiteiros Río Furelos presenta o seu programa de actividades para este ano 2024 na XXI Asemblea Xeral Ordinaria, celebrada o pasado 24 de febreiro no Salón de Actos do Edificio Multiusos.

As iniciativas acordadas para realizar nesta temporada son: o mantemento dos accesos e sinais de couto e vedados do Río Furelos; facer enquisas de esforzo pesqueiro ano 2024 no Couto do Río; mantemento da escola do Fulicheiro no Furelos, coutos do primeiro día, domingo 17 de marzo, gratis con sorteo previo; celebración do XX Campionato de Pesca Terra de Melide, o vindeiro 6 de abril; XVII Máster de Campións de pesca a mosca, o día 4 de maio; a XVII edición do Pesca e Ceiba, 1 de xuño; Día do Socio, o vindeiro 3 de agosto; XXI Xornadas Limpeza Río Furelos e afluentes, os días 8 de agosto, 7 e 14 de setembro; facer a campaña Proxecto Ríos de Adega de primavera e outono; realizar a iniciativa limpeza simultánea do Proxecto Ríos, pendente de data; e, por último, dous talleres, de montaxe mosca nas xornadas do 19 e 26 de outubro, e de montaxe culleiriña o 9 e 16 do mes de novembro.

Ademais, nesta reunión actualizouse a lista de socios que acada os 327. Ao mesmo, tempo púxose en coñecemento por parte da directiva que a cota anual será de 20 euros e os cotos a un prezo reducido de 3 euros, agás os parados de longa duración, persoas con diversidade funcional, menores de 18 anos e maiores de 65 que están exentos.

O xoves 21 a Aula Cemit acolle un obradoiro para o comercio

Alumnado nunha aula de informática no medio dunha formación. / Foto: iStock

A Oficina Acelera Pime Rural da Deputación da Coruña organiza, en colaboración co Concello de Melide e a Asociación de Empresarias e Empresarios da Terra de Melide, un obradoiro sobre *"Conexión emocional co cliente a través das TICs"* para todos os comerciantes e responsables dos establecementos locais da vila.

Esta actividade formativa realizarase o xoves 21 de marzo ás 20:00 horas na Aula Cemit, no Edificio Multiusos.

Neste obradoiro trataranse temas como: Camiño de Santiago, medios sociais, desafíos e oportunidades do turismo, novas tendencias, E-Wom ou Benchmarking, entre outros.

A Administración local pon en marcha unha nova edición do ciclo de Domingos de Teatro

Actores da obra *"O auto do Castromil"* nunha das súas interpretacións, o 17 actúan en Melide. / Foto: Zoom Pontevedra

A Administración municipal pon en marcha unha nova edición do ciclo de Domingos de Teatro, unha iniciativa orientada ao público adulto.

As actuacións estenderanse ata o vindeiro 7 de abril con catro funcións, todas elas celebraranse no Centro Sociocultural Mingos de Pita ás 19:00 horas. A entrada será totalmente gratuíta para todas as persoas asistentes e pecharase o acceso unha vez que comece cada espectáculo teatral do ciclo.

A primeira representación, *"A Nai"*, realizouse o pasado día 10 a cargo de Amorodio Teatro. Unha obra dirixida por Marián Bañobre sobre un texto de Laura Porto.

O ciclo continúa este domingo coa función de *"O auto do Castromil"*, interpretada polos actores e actrices de Excéntricas Producións. Escrita e dirixida por Quico Cadaval, a obra acontece nunha viaxe onírica en autobús onde os viaxeiros e o condutor dormen mentres as maletas e a equipaxe se amotinan, cobrando vida e repasando a historia de Galicia para combater a amnesia sobre a mesma. Unha travesía en transporte público pola "Galicia inconsciente" protagonizada por Rocío González, Víctor Mosqueira, Marcos Orsi e Patricia Vázquez.

A seguinte función será o 24 de abril, a cargo da compañía A Panadería coa obra *"As que limpan"*. Trátase dunha sátira utópica inspirada na loita das camareiras de piso de hotel polos seus dereitos laborais e sociais. *"As que limpan"* está escrita, dirixida e interpretada por Areta Bolado, Noelia Castro e Ailén Kendelman.

Para rematar, o vindeiro 7 de abril pecharase o ciclo de Domingos de Teatro con *"Testosterona"* de Malasombra Producións. Unha obra protagonizada por Camila Bossa e Luís Iglesia, coa dirección e versión do texto de Xoque Carbajal. Neste espectáculo teatral, o director dun importante medio de comunicación debe decidir quen o sucederá no seu posto, elixindo entre un home e unha muller. O texto orixinal, da autora mexicana Sabina Bernan, propón unha reflexión sobre a desigualdade laboral entre sexos.

Melide volve conmemorar o 8 de marzo con diversas actividades para todas as idades

As crianzas desfrutando dunha actividade a prol da igualdade. / Foto: C. Melide

O Concello de Melide volve conmemorar, un ano máis, o 8 de marzo, Día Internacional da Muller, con diversas actividades para todas as idades durante este mes e o de abril.

Un dos sectores poboacionais no que a Administración municipal pon de novo o foco é a mocidade, por iso se fixaron iniciativas específicas para os centros educativos.

A próxima cita nesta listaxe de actividades é o vindeiro xoves 21 deste mes, cando se reúna a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero no Centro Social da vila, ás 21:00 horas. Este organismo promove actuacións no ámbito local de cara á erradicación da violencia contra as mulleres.

O alumnado de 1º de Bacharelato e de 4º da ESO do IES de Melide participará no obradoiro *"Amores que molan II"*, os días 22 de marzo e 3 de abril, respectivamente.

Para rematar, o sábado 23, a fisioterapeuta Lorena Pampín impartirá unha charla sobre solo pelviano ás 11:00 horas no antigo Centro de Saúde. Para participar nesta xuntanza, totalmente gratuíta, é preciso anotarse no Centro Social ou no teléfono 981 50 57 06.

Este amplo programa de actividades comezou o pasado 5 de marzo con varias actividades para o alumnado dos tres CEIP da vila, un xeito de educar aos máis pequenos e pequenas na importancia da igualdade entre homes e mulleres, a través de contidos adecuados á súa idade.

Abertas as inscricións para participar no II Desafío Cerne

Un grupo de ciclistas nun tramo do Desafío Cerne. / Foto: Juancho López

Abertas as inscricións para participar na segunda edición do Desafío Cerne -Os dous Camiños-.

Este gran evento, organizado pola Asociación Deportiva Cerne, realizarase o vindeiro domingo 5 de maio en dúas modalidades: 45 km cun desnivel de 1.200m ou 65 km con 1.850m de desnivel.

O Desafío Cerne é unha proba ciclista BTT que transcorre polos concellos de Melide, Palas de Rei e Toques. O prezo de inscrición é de 18 euros para os federados (máis 10 euros os non federados), ata o 6 de abril e de 23 euros a partir do día 6 e ata o 1 de maio. As persoas interesadas deben anotarse en: www. galitiming.com.

A Xunta convoca a 13ª edición do certame "Lingua de Namorar" para dinamizar o uso do galego

Unha persoas escribindo unha declaración de amor como as do concurso da "Lingua de Namorar". / Foto: iStock

A Xunta de Galicia convoca a décimo terceira edición de "Lingua de Namorar", o certame en liña de mensaxes de amor en galego que busca dinamizar o seu uso entre a mocidade, tanto nas súas relacións persoais como na rede.

As consellerías de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e de Política Social e Xuventude, dividen o concurso en 3 categorías: dúas delas para a web e unha para Instagram. As mensaxes presentadas en todas as modalidades poderanse enviar ata o 1 de abril e deben estar en galego, en prosa ou verso.

Nas 2 primeiras categorías, as da web, participase a través da páxina do certame (xuventude.xunta.es/linguadenamorar) mediante un formulario de inscrición. A categoría denominada coa letra A é para a rapazada de 14 a 19 anos. A segunda, denominada coa letra B, abrangue o tramo de idade dos 20 aos 35 anos. As mensaxes que participen nestas modalidades non deben superar os 350 carácteres e serán publicadas na páxina do concurso, identificadas polo título, un cancelo que recolla o título e o número que se lle asigne. As declaracións de amor gañadoras serán as únicas que, posteriormente, se identifiquen con nome e apelido dos autores ou autoras.

Por outro lado, a terceira categoría é exclusiva para Instagram, neste caso está aberta a mocidade de entre 14 a 35 anos. Para participar deben facelo directamente dende a imaxe habilitada para o certame no perfil @xuventudegalicia. Neste texto indicarase, en primeiro lugar, un cancelo que recolla o título e, a continuación, a mensaxe de amor. Ao final de dita publicación engadirase tamén o cancelo #LinguaDeNamorar. As declaracións non poderán superar os 200 carácteres. A maiores, as persoas participantes deberán etiquetar dúas amizades en Instagram e seguir as contas @linguagalega e @xuventudegalicia.

No caso das modalidades A e B haberá dúas fases de selección para que o xurado elixa entre as 50 máis votadas na páxina do concurso. No caso da categoría C, o xurado fará unha preselección de 6 mensaxe entre todas as presentadas para que o público poida votar dándolle "gústame" á súa mensaxe favorita.

As persoas gañadoras e finalistas publicaranse o vindeiro 24 de abril, tanto na páxina de Xuventude e Portal da Lingua Galega como nas redes sociais.

Melide anuncia a celebración dos Campamentos de Pascua

Varios nenos e nenas xogando nun campamento infantil. / Foto de arquivo

O Concello de Melide anuncia a celebración dos Campamentos de Pascua durante a Semana Santa. Esta actividade ofrece un tempo de lecer e socialización para as nenas e nenos do municipio, á vez que as familias contan cun recurso de conciliación durante os días laborais desta semana de vacacións no ensino.

Os campamentos terán lugar en horario de mañá (de 9 a 14h), entre o luns 25 e o mércores 27 de marzo, no CEIP Nº1 de Melide.

O prazo para anotarse continúa aberto ata o vindeiro luns 18 de marzo, con prazas limitadas. Esta inscrición pode efectuarse de forma telemática na sede electrónica municipal ou a través do Rexistro no Concello. Esta actividade é gratuíta para as familias.

Este sábado celébrase a oitava edición do Festival Infantil de Herba Grileira na vila

Parte do cartel da VII edición do Festival Infantil de Herba Grileira, este sábado en Melide. / Foto: Herba Grileira

Este sábado, 16 de marzo, Herba Grileira celebra o seu "VII Festival Infantil" ás 18:00 horas no Centro Sociocultural Mingos de Pita.

Nesta sétima edición, o pequeno alumnado da Escola de Herba Grileira estará acompañado por A.C. Brisas do Quenllo (Tordoia), como agrupación convidada.

Unha iniciativa que un ano máis, contou co seu tradicional concurso de debuxo, nesta ocasión o gañador foi Xosé Filloy Lagares cun fermoso debuxo dun neno pandereteiro e unha nena gaiteira nun sinal de ceda o paso. O nivel estivo moi alto neste certame de debuxo, no que destacaron a orixinalidade e destreza das crianzas participantes.

Ademais, dende Herba Grileira están a organizar un obradoiro de construción de pandeireta que se vai realizar o sábado 23 de marzo, de 10:00 a 13:00 e de 16:00 a 19:00 horas. O lugar escolmado para o celebrar é o antigo Centro de Saúde, está destinado a persoas maiores de 15 anos e a data de preinscrición remata o luns 18. Para anotarse as interesadas e interesados deben chamar ao 617 95 62 75. O prezo do obradoiro varía entre os 45 e 60 euros.

DOMINGOS DE

TEATRO

MELIDE

CICLO DE TEATRO PARA PÚBLICO ADULTO

10 MARZO

A NAI

Amorodio teatro

17 MARZO

O AUTO DO CASTROMIL

Excéntricas producións

24 MARZO

AS QUE LIMPAN

A Panadaría

7 ABRIL

TESTOSTERONA

Malasombra producións

19:00 H CENTRO SOCIOCULTURAL MINGOS DE PITA DE MELIDE

Concello de Melide

Deputación DA CORUÑA

DELEGACIÓN
Avda. de Lalín, 7 - 15800 MELIDE (A Coruña)
Tel.: 608 989 665

RAMILU
CANALÓN DE ALUMINIO FABRICADO EN OBRA

Canales y bajantes de aluminio, cobre y zinc fabricadas a medida, disponemos de máquina elevadora de brazo propia para trabajos de altura.

VÉN DESCUBRIR A NOVA TEMPADA AS NOSAS TENDAS

BROZ

E TAMÉN NA NOSA WEB:
CALZADOSBROZ.COM

CALZADO DE PRIMEIRAS MARCAS

- Panamá Jack
- J'hayber
- Alpe
- Pitillos
- Callaghan
- Kangaroos
- Pablosky
- Victoria
- Clarks
- Pepe Jeans
- Vulca Bicha
- ...

ESTAMOS EN
- Ronda da Coruña, 24
- Rúa do Convento, 20
Melide, A Coruña

CONTACTA CON NÓS
981 815 619
981 609 057
calzadosbroz@gmail.com

SÍGUENOS EN REDES SOCIAIS

EL ESPIÑO

www.construccionesespiño.com

Roval JOYERÍA JR

SARGADELOS
DESEÑO - CULTURA - HISTORIA - CALIDADE

Novos tempos · Nova tenda · A mesma ilusión

Alexandre Bóveda, 12 - Melide · Tlfs.: 981 50 54 31 - 650 076 862 · joseroval@mundo-r.com

A Deputación da Coruña inviste 55.000 euros na contratación de técnicos deportivos na comarca

Alumnado e monitores do Concello de Melide na gala de fin de curso das escolas deportivas. / Foto: Turismo Melide

A Deputación da Coruña inviste este ano 55.000 euros na contratación de técnicos deportivos na comarca da Terra de Melide.

O reparto por Concellos destes fondos queda do seguinte xeito: Toques, Santiso e Sobrado recibirán 15.000 euros e Melide 10.000 para poder financiar o posto de técnico/a de deportes.

Antonio Leira, deputado responsable da área de Deportes da Administración Provincial, destacou a importancia destas axudas que se destinan a contratar ou manter no seu cadro de persoal un técnico/a deportivo "que teñen como misión dinamizar a actividade deportiva dos municipios e planificar un calendario de actividades para todos os públicos".

O deputado sinalou que se trata dun programa que "contribúe de maneira directa á xeración de 67 empregos nos concellos da provincia da Coruña", a maiores, "facilita a realización de programacións deportivas con actividades variadas e estables, promovendo a práctica do deporte e a actividade física entre os veciños e veciñas de todas as idades".

Na comarca da Terra de Melide, o traballo dos técnicos/as de deporte permite realizar iniciativas como as Escolas Deportivas dos diferentes municipios ou actividades como andainas, carreiras ou pequenas competicións.

A Deputación da Coruña financia con estas axudas de ata o 80% dos custes salariais (soldo e Seguridade Social) do persoal técnico contratado durante un ano, cunha achega máxima de 15.000 euros (como é o caso de Toques, Santiso e Sobrado) para aquelas Administracións locais que optan pola contratación dun graduado universitario en Ciencias da Actividade Física e do Deporte que traballe a xornada completa. Os Concellos tamén poden contratar a técnicos superiores en Animación de Actividades Físicas e Deportivas e facelo a tempo parcial ou a xornada completa, abonando sempre o 20% restante do salario.

En total, na provincia coruñesa, a Deputación inviste 904.400 euros para estas contratacións en 67 municipios. Unha axuda que permite, especialmente nas localidades máis pequenas, contar cunha persoa dentro do cadro de persoal para encargarse da dinamización e organización de diversas actividades deportivas.

Zoelas presenta o seu novo espectáculo *"Des(a)fiada"* en Melide o vindeiro 12 de abril

O grupo Zoelas nunha imaxe de promoción das súas actuacións. / Foto: Zoelas

O grupo Zoelas presentará o seu novo espectáculo, "Des(a)fiada", o vindeiro 12 de abril na Sala A Fundación en Melide.

Este é un traballo moi especial para este grupo da comarca da Ulloa, xa que "levamos moito tempo traballando neste formato, que por vez primeira en Zoelas, traerá algo máis que música á escena", comentan dende o grupo nas súas redes sociais.

Neste segundo disco de Zoelas un dos seus obxectivos é "que o público conecte coas letras das nosas cancións de forma un pouco máis profunda", fai fincapé Patricia Coucheiro, integrante do grupo, nunha entrevista no programa ZigZag da TVG.

O proxecto "Des(a) fiada" quere analizar cal foi a posición da muller no rural nos acontecementos da historia a través dos seus propios testemuños. Para isto, "fomos recabando diferentes testemuñas de mulleres e apetecíanos moito que os temas quedaran totalmente vinculados con esas testemuñas que para nós foron tan inspiradoras", comenta Coucheiro no ZigZag.

Neste novo espectáculo Zoelas mestura "testemuñas que falan de cuestións moito máis íntimas e logo quixeron facer un rescate de diferentes materiais de arquivo visual e sonoro que son máis de calado social, historias que foron protagonizadas polas mulleres. Case estamos falando da nosa historia como territorio a través delas", afirman Coucheiro.

A VIII Ruta Cabalar do Pantano celebrarase o vindeiro 6 de abril

Cartel da VIII Ruta Cabalar do Pantano. / Foto: Cabaleiros do Pantano

A oitava edición da Ruta Cabalar do Pantano celebrarase o vindeiro 6 de abril en Visantoña (Santiso).

Todas as persoas que estean interesadas en realizar esta ruta e todas as actividades da xornada deberán reservar a súa entrada antes do 1 de abril. Esta entrada ten un prezo de 45 euros que inclúe: xantar, ruta con 2 paradas con pinchos e bebidas, cea e barra libre amenizada polo dúo Os Trasnos ata as 4:00 horas.

Ademais, dende a organización comentan que contarán con profesionais para axudar a solventar as incidencias cos équidos.

A "Quedada de Primavera" será este sábado 16 de marzo

Cartel da "Quedada de Primavera" do sábado 16 de marzo. / Foto: Abeancos

Este sábado, 16 de marzo, realízase a "Quedada de Primavera", organizada pola Asociación Abeancos en colaboración coa Deputación da Coruña, Asociación Veciñal O Noso Lar e o Concello de Santiso.

Nesta xuntanza deportiva realizaranse: unha carreira de 11 quilómetros e unha andaina de 8.

Para participar nestas probas non competitivas e gratuítas, é preciso anotarse a través do Whatsapp no 601 608 608 ou chamando ao 981 818 501. A saída será en bus dende o Campo da Festa de Visantoña.

Aberto o prazo de matrícula nas escolas da comarca para o vindeiro curso 2024/25

Aberto o prazo de matrícula nas escolas da comarca da Terra de Melide para o vindeiro curso 2024/2025 ata o 20 de marzo.

O proceso para inscribir as crianzas no centro educativo pode realizarse de dous xeitos: por vía telemática, a través da páxina web da Consellería de Educación, no apartado de Admisión Alumnado, ou presencialmente no centro educativo escolmado en primeiro lugar.

Este período para anotarse está aberto tanto para o alumnado que se inscriba por primeira vez no sistema educativo e tamén para os estudantes que decidan cambiar de centro de ensino.

Segundo comunicou a Administración autonómica, unha vez que se peche o prazo de matrícula, publicaranse as listas provisionais dos alumnos e alumnas admitidos e excluídos o vindeiro 25 de abril. O listado definitivo sairá o 15 de maio.



As cadeiras e mesas dunha escola de educación primaria. / Foto: iStock

Os prazos de formalización da matrícula serán do 20 ao 30 de xuño para o alumnado de Infantil e Primaria e do 23 de xuño a 7 de xullo para os estudantes de ESO e Bacharelato.

SABER DE LEI

ODA AO CONSENTIMENTO

Ana Mato Salgado
Avogada
Tlfn.: 671 833 425
Rúa Xesús Carro, Nº15-2º
(Melide)

Fai unhas semanas a Audiencia de Barcelona condenaba por un delito de agresión sexual ao ex xogador de fútbol Dani Alves a 4 anos e medio de cadea, cinco anos de liberdade vixiada despois de cumprir condena, ademais de manterse afastado da vítima a unha distancia mínima dun quilómetro do domicilio ou lugar de traballo da vítima, así como a pagarlle unha indemnización de 150.000 euros. A maiores, terá a inhabilitación especial por un período de 9 anos e medio para desenrolar empregos, cargos públicos, profesionais ou oficios relacionados con menores de idade, polos feitos acontecidos na madrugada do 31 de decembro de 2022 nunha discoteca da cidade condal.

A sentenza non é firme, polo que poderá ser recorrida polas partes ante o Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña ou no Tribunal Supremo. A sentenza vén determinada polo contexto social e cultural en canto ao atrevemento de describir con detalle o que é o consentimento, ao cal se lle fai unha verdadeira oda. Esta sentenza marcará un antes e un despois na nosa xurisprudencia, e non só porque o agresor é un personaxe famoso que fixo vibrar as gradas do Camp Nou, séndolle actualmente retirada a condición de lenda do fútbol que no seu día lle outorgase o FC Barcelona, senón porque foi a sentenza máis mediática despois de que o 7 de outubro de 2022 entrase en vigor a Lei do "só si é si" que tanta polémica deixou ao seu paso.

O fallo xudicial apunta ao consentimento como o centro das relacións sexuais e preserva a veracidade da testemuña da vítima. Denota esta sentenza cambios estruturais e culturais que dende logo quedan moi afastados da sentenza do caso da Manada, feitos acontecidos nos San Fermíns do 2016.

Cambiou a cultura da violación pola cultura do consentimento, como con bo criterio dixo a maxistrada Victoria Rosell. Lonxe queda tamén aquel "jolgorio sexual" como refería o xuíz Ricardo González co seu voto particular de absolución na sentenza da Manada, co que se evidencia a falta de credibilidade data ata entón por parte do sistema xudicial ás vítimas, o que coñecemos como violencia institucional. Tanto o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero como a Lei do "só si é si" incluíron como necesaria a formación de xuíces e xuízas en perspectiva de xénero. A sentenza do caso Alves reflexa ese cambio de perspectiva. O sistema xudicial vai sempre á par da sociedade e esta nos últimos anos viviu un proceso social, legal e educativo coa vontade de erradicir o machismo das institucións e especialmente da carreira xudicial, chegando a obter unha importante transformación.

A cultura da violación estaba arraigada na sociedade, sen ter en conta o consentimento como a clave da acción. Os que violaban en ocasións non sabían que o facían, xa que era froito dese "jolgorio" educacional no que estabamos inmersos dentro da cultura da violación, e as vítimas sentíndose como tal non eran capaces de poñerlle o nome que tiña ao acontecido, en ocasións por medo a non ser cridas, por un sentimento errado de culpa ou vergoña, polo que non denunciaban.

Unha compañeira especialista en materia de violencia de xénero e criminoloxía nunha ocasión reflexionando e traballando sobre o tema expuso cal sería o número de mulleres no que nalgún momento das súas vidas, por moi fugaz que fose se sentisen "obrigadas" a manter relacións ou certos actos que non desexaba nese preciso momento, ás veces incluso coas propias parellas, posiblemente a porcentaxe sexa maior da que nos imaxinamos. Seguramente, se facemos memoria, botamos a vista atrás e poñemos o consentimento no epicentro das relacións sexuais, por desgraza, nos poidamos ver como parte desa alta porcentaxe.

A cultura da violación na que fomos educados condiciónanos a non poñer no epicentro da historia o consentimento, quedando físgoas de medo e vergonza, e parece que non foi ata o de agora cando comezamos a xirar sobre o quid da cuestión: o consentimento.

As leis cambian coa sociedade e con esta sentenza mediática que pon no epicentro a credibilidade e o consentimento da vítima parece que tanto o poder xudicial como a sociedade se están transformando. Esta auténtica oda ao consentimento, dende o principio do encontro, durante o acto e ata o final. De tal xeito que unha persoa pode acceder a manter relacións sexuais ata un certo punto e non mostrar consentimento a seguir ou a practicar certas condutas.

A sentenza é firme ao dicir que para a existencia de agresión sexual non é preciso que se produzan lesións físicas nin que conste unha heroica oposición da vítima para manter relacións sexuais. Ningunha mostra de cariño ou xogo, incluso a existencia de institución se pode entender como unha carta branca a calquera abuso ou agresión.

Na sentenza aplícase un atenuante que é a reparación do dano, a vontade de Alves de reparación coa consignación de 150.000 euros previa a celebración do xuízo con independencia do que nel ocorrese, sería obxecto doutros debates, por un lado se a xustiza é igual para todos, xa que só deste atenuante se poderían beneficiar os agresores con poder adquisitivo alto, e non todo o mundo, polo que a xustiza non sería igual para todos. E por outro lado, abre o debate de se unha persoa co patrimonio e solvencia de Alves manifesta intencionalidad de reparar o dano á vítima cunha cantidade tan insignificativa para el.

Sexa do xeito que sexa, os delitos sexuais non son reparables economicamente e así o pon de manifesto a sentenza a pesar de que contraditoriamente serviu de atenuante e foi condenado co mínimo posible que contempla a lei.

Dende Roma ata a actualidade as diferenzas entre a forma de vivir a sexualidade entre os homes e as mulleres é notable. A propia xénese lexendaria da cidade de Roma foi produto dunha violación mítica; Rea Silvia concibiu a Rómulo e Remo despois de que o seu tío Amulio, vestido con traxe de guerreiro, a violase.

Ao longo da nosa historia ata os nosos días a liberdade duns foi a condena de outras, esperemos que de agora en diante a condena duns sexa a libredade para todas.

Colaboración de Ana Mato Salgado

“Na industria musical a presenza de composicións ou artistas masculinos representan o 70% fronte ao 30% das mulleres”

Para realizar esta reportaxe sobre a perspectiva local da igualdade e o feminismo conversamos con mulleres de diversos ámbitos profesionais e idades, elas son: Diana Mendal (mestra de violín no Conservatorio Profesional de Melide), Noelia Blanco (administradora de Cubiertas Hermanos Blanco) e Gema Torre (presidenta da ANPA O Forte).

Co gallo do Día Internacional da Muller era importante coñecer, en perspectiva local (na da veciñanza que nos rodea) o punto do camiño cara á igualdade no que nos atopamos.

Unha das bases imprescindibles para conseguir un mundo máis xusto e feminista é a educación, “a igualdade é un tema que cada vez se promove máis nos centros educativos pero penso que a base é facelo dende a casa”, comenta Gema Torre. Os cativos e cativas son como pequenas esponxas que absorben todo, imitan os comportamentos que ven e teñen aos seus proxenitores como modelos a seguir, aquí reside a importancia de vivir e educarse nun ambiente de igualdade. “É verdade que seguen existindo comentarios ou tipos de xogos nos que os nenos aínda seguen diferenciando o que é de neno e o que é de nena, ou expresións como o neno é forte e a nena débil. Esta desigualdade penso que vén máis da casa que non da propia escola porque nos centros de ensino intentan promover actividades a prol da igualdade”, afirma a presidenta da ANPA o Forte.

O papel das nais e o dos pais segue a contar con grandes diferenzas, hai uns días saía no xornal La Voz de Galicia unha nova co titular, *“Eres un padre funcional?: en qué curso va tu hijo, te ocupas del disfraz y de las visitas al pediatra, sabes qué talla usa y qué número calza?”*. Unha peza xornalística que pon de manifesto o sinxelo que é ser considerado, pola sociedade, un bo pai e o complexo que o é ser unha boa nai. Historicamente, as nais son as que cargaron sempre co peso dos coidados, das tarefas do fogar, da carga mental de lembrar as citas cos médicos, as actividades ou os aniversarios, así como de cubrir as necesidades básicas das crianzas, entre outras. “Eu teño a sorte de non só ter unha participación puntual dos pais, senón que traballo coas familias man a man nas clases, e no momento no que o propoño o único inconveniente que poñen é a falta de coñecemento na materia. Si é certo que nunha alta porcentaxe son máis as nais as que asumen esta tarefa, penso que maioría dos caso é por motivos laborais ou ben de conciliación”, destaca Diana Mendal. “Este tema está moi inculcado nas casas, é moi difícil dar marcha atrás para facer que tanto a nai como o pai teñan o mesmo rol na educación do seu fillo/a. Cada vez hai máis papás que se involucran na crianza pero a problemática segue existindo”, sinala Gema Torre. Na directiva da ANPA O Forte son 8 persoas, das cales 7 son mulleres.

Imaxe na se representan mulleres de diferentes razas, culturas e nacionalidades. / Foto: iStock

No ámbito laboral a situación de igualdade real tampouco aparece acada, especialmente en determinados sectores como pode ser a construción: “o eido no que traballo está composto maioritariamente por homes, no meu caso traballo como administradora, polo que non estou directamente nas obras. A pesares disto, teño os coñecementos básicos en canto a materiais, estruturas e proceso de colocación”, expresa Noelia Blanco. No 2021 a brecha salarial de xénero situábase no 20’9%, debido entre outras causas a que as mulleres representan o 75% da contratación a tempo parcial. “O eido da música non é feminista, hai estudos que confirman que na industria musical a presenza de composicións ou artistas masculinos representan o 70% fronte ao 30% do feminino. Actualmente, o número de mulleres artistas crece pero seguen sendo pouco coñecidas e atopándose con problemas e impedimentos para darse a coñecer e ensinar o seu traballo ao público”, explica Diana.

A historia escribiuse en masculina, “practicamente todos os materiais didácticos que se empregan na ensinanza musical está repletos de homes, a presenza de compositoras ou directoras na vida musical é un feito pero de carácter moi puntual. Baixo o meu punto de vista, deberíase destacar o traballo destas compositoras e directoras, dalas a coñecer e darlles visibilidade dende as aulas, os teatros e os auditorios, darlles a oportunidade de ter representación na cultura e na música dende a historia ata hoxe en día”, fai fincapé Diana Mendal.

O pasado mes de novembro, o III Macroestudo de Violencia de Xénero “Tolerancia Cero”, realizado pola Fundación Mutua Madrileña e Antena 3, recollía que o 20% das persoas españolas entre 18 e 21 anos non considera violencia golpear a súa parella durante unha discusión, insultala ou controlar o seu teléfono. “A base está nas casas, se os rapaces ven determinados comportamentos na súa familia eles vanos considerar normais e repetilos fóra da casa. Ademais, en determinados medios de comunicación, series e xogos as crianzas ven comportamentos machistas que quedan impresos neles. Entre as familias e o profesorado temos que intentar reverter estas condutas”, comenta Gema. “Neste este tipo de comportamentos inflúen moitas as redes sociais e a desinformación divulgada nas mesmas nunha idade tan complicada como a adolescencia. Non importa se es home ou muller, aplicar ou recibir violencia de forma gratuíta está inxustificado sempre, en ningún dos casos debe ser permisible”, explica Noelia Blanco.

“O IES de Melide tamén traballa a prol da igualdade e os progresos vense”

Na primeira imaxe, as persoas que acudiron a “Tencendo Historias”, unha das actividades realizadas o xoves 7. Na segunda, o Mercado da Asociación en favor das mulleres africanas. / Fotos: Cerne

O IES de Melide acolleu durante a semana do Día Internacional da Muller, 8 de marzo, diversas actividades para a comunidade educativa a prol da igualdade.

Dende o luns 4 de marzo, a comunidade educativa do IES melidense ofreceu unha programación especial, tanto dentro como fóra das aulas. Unha das actividades máis prolongadas no tempo foi a iniciativa *“Mujer Wanawake”*, unha exposición de produtos elaborados dentro do proxecto da ONG “Mujer Wanawake”, que defende a inclusión e a igualdade, así como a procura de alternativas para mulleres en situación de vulnerabilidade. A maiores, o primeiro día da semana o alumnado de 1º de Bacharelato, estudantes participantes da Asemblea Feminista e todas as alumnas e alumnos que lles resultaba de especial interese didáctico acudiron á charla *“Muller, deporte e igualdade”*, na que se reuniron deportistas tan relevantes como Cata Pollini, Michi Apóstol e Cora Ayude.

O xoves día 7, realizáronse diversas actividades a prol da igualdade como: o mercado de “Mujer Wanawake”, na que todos os produtos expostos durante os días previos puidéronse adquirir a prezos económicos, a clientela deste pequeno posto foron dende membros da comunidade educativa como veciñanza que se achegou ata o centro. Todo o diñeiro recadado neste mercado foi destinado para a ONG “Mujer Wanawake” para a educación das nenas en África. De feito, todos os artigos deste posto foron realizados por mulleres africanas, superviventes da mutilación xenital feminina, do matrimonio infantil e da trata con fins de explotación, e rematados por mulleres españolas en risco de exclusión social. Outra das razóns polas que esta ONG é recoñecida é o traballo que realizan en contra da mutilación xenital feminina e a prol do dereito á saúde sexual das mulleres e nenas. É importante lembrar que a mutilación xenital feminina é unha práctica que afecta a máis de 200 millóns de nenas e mulleres en todo o mundo, o matrimonio infantil faino en 650 millóns de nenas ás que se lles priva de educación e liberdade, e a trata con fins de explotación no ámbito sexual afecta nun 96% a mulleres e nenas. “A acollida por parte do alumnado a este mercado é moi boa, veñen, compran e están concienciados coa causa”, comenta Paloma (mestra de Lingua e Literatura Castelá do centro e impulsora deste proxecto).

Outra das iniciativas que se realizaron nesa mesma xornada foi *“Tecendo historias”*, unha sesión na que persoas maiores e alumnado contaron historias mentres desfrutaron da arte de tecer, parte dos rapaces e rapazas participantes foron os do club “Texemanexe”. Unha boa oportunidade para compartir contos e vivencias entre diferentes xeracións. Ademais, nesta sesión tan especial contaron coa presenza de Oliva, unha das grandes costureiras da localidade que lles transmitiu a súa ampla experiencia. A última das actividades do día estivo relacionada co exercicio físico, o *“Tábata integrad@s”*, que buscaba a promoción do deporte, a igualdade e a inclusión.

Durante o Día Internacional da Muller, o venres 8 de marzo, o profesorado e alumnado do IES asistiu no Patio á lectura dun manifesto e á realización dun acto simbólico a prol da igualdade. Este manifesto foi escrito pola Asemblea Feminista Estela Lila, unha asemblea de recente creación na que participa alumnado e profesorado do centro educativo. A pesares de ser unha formación con pouco tempo de creación xa contan con 15 integrantes, “cada mércores reunímonos ao mediodía na biblioteca para compartir impresións e realizar diferentes actividades como xogos de rol, *escape room*, propostas de libros feministas para a biblioteca do IES e a organización dunha folga para finais de curso”, comenta Paloma (mestra e integrante da Asemblea Feminista). Todas as persoas que queiran ter máis información sobre esta organización poden consultar o espazo co que contan no taboleiro de anuncios do centro. Ademais, colocouse un mural no que o alumnado puido deixar a súa pegada.

Para rematar, os estudantes do centro educativo do municipio tamén “dispoñen dunha exposición temporal, “Mulleres sementadoras”, por medio da cal poden achegarse a persoas que foron referentes en distintos ámbitos e que son practicamente ignoradas pola historia”, explican dende o IES de Melide. A maiores, tamén se creou un *photocall* no que poder fotografarse, inspirado no cartel feminista máis famoso do mundo, o da muller cun mono de traballo e o lema *“Yes we can”*.

Todas estas actividades son un síntoma do traballo a prol da igualdade que ser realiza nos centros educativos onde está “o xerme do futuro”, “é importante darlle visibilidade a que no IES tamén traballamos a prol da igualdade e vense os progresos”, comenta unha mestra do centro. Se falamos da educación como base para cambiar as cousas, no IES non faltan ganas nin ilusión, “está claro que quedan avances por facer pero xa conseguimos cambios importantes, cando era pequena, no meu grupo de amigas miña nai era a única que traballaba e a día de hoxe practicamente todas as nais traballan fóra da casa”, fai fincapé a mestra.

O compromiso das traballadoras e traballadores do Instituto coa igualdade é innegable. Mostra disto son as actividades e iniciativas que poñen en marcha non só esta semana do Día Internacional da Muller, senón durante todo o curso escolar.

"Do tempo das follas secas"
Para Rosalía no seu día. Con agarimo

Da árbore antiga prendía unha folla,
no recordo ainda, un inverno eterno.
Para a folla seca so hai soedades,
intres de tristura, de bágoas caladas.
Brétemas, nuboeiros, de contínuo ameazan
pero as súas noites longas son sen auga,
e a seca non deixa a ninguén con vida.
E o vento que zoa,
e o tempo que pasa.

Polo Alumnado de 5º e 6º de Primaria
CEIP Arcediago; Santiso

Marga Iglesias, Mis Mejores Labores

"Os hábitos de consumo cambiaron moito, agora a clientela compra a través das redes sociais"

- Que artigos nos ofrece Mis Mejores Labores?

- Marga Iglesias: Todo o relacionado coa puericultura, roupa e calzado infantil, pixamas para todas as idades, xoguetes, globos, roupa deportiva para muller e mercería.

- Acabamos de pasar o Mercamelide de Inveno, que repaso fas desta edición?

- M.I: Foi unha fin de semana complexa, especialmente polo mal tempo. Isto provocou que a afluencia de xente fora menor que en outros anos pero tamén é certo que as persoas que se achegaban ata o Pazo de Congresos era para mercar. Ademais, este ano conseguiuse a participación dun número xeitoso de establecementos, o que sempre enriquece esta feira de oportunidades.

- Actualmente na tenda dedicádeslle un amplo espazo aos artigos relacionados coas crianzas.

- M.I: Si, a clientela cada vez demandaba máis produtos deste ámbito e en Mis Mejores Labores intentamos ofrecer todo o posible.

- É o que máis saída ten?

- M.I: Diría que 50-50, a puericultura para nós é un mercado importante pero no que non fas vendas a diario. Pódese dicir que todas as tipoloxías de artigos que temos no establecemento son complementos uns dos outros.

- Un dos últimos produtos que incorporastes foron as bragas menstruais e de perda ouriña, como respondeu a xente a este tipo de artigos?

- M.I: Xenial, é un dos máis vendidos. De feito, en braga menstrual só traballamos unha marca e non a cambiamos porque dende o principio a clientela está encantada. A maiores, esta marca

Marga Iglesias, responsable de Mis Mejores Labores, no seu establecemento en Melide. / Foto: Xornal Cerne

tamén ten unhas bragas de aprendizaxe para cando lles sacas o cueiro aos máis pequenos que funcionan moi ben. Non obstante, as máis vendidas son as menstruais sen dúbida. Levamos dous anos comercializando este produto e podemos consideralo un éxito.

- Perderon efecto os períodos de rebaixas?

- M.I: Aquí nunca nos funcionaron moi ben as épocas de rebaixas porque van un pouco a destempo, en xullo fas rebaixas de verán cando xa pasou parte del? Nós o que facemos é descontos durante case todo o ano, xa sexa polo aniversario, por outro tipo de campañas como a Noite Aberta ou incluso para sacar mercancía e traer cousas novas.

- Outros dos grandes potenciais do negocio é o eido da decoración. Como tes a axenda este ano?

- M.I: Moito máis chea que no 2023. Estamos a principios de ano e xa hai días pechados nos que non podemos coller ningún evento máis. Este ano hai moitas celebracións, especialmente vodas. Comezamos a temporada de decoración de eventos o día 9 de marzo. Nós é algo que tampouco queremos sobrecargar porque ao final, con todo o traballo que ten a tenda é moi difícil coller máis eventos. Nós realizamos máximo 2 encargas ao día porque máis éme imposible. Hai días xa pechados nos meses de verán.

- É unha moda que parece ir cada vez a máis.

- M.I: Totalmente. Agora mesmo non hai celebración (voda, bautizo, comuñón) que non conte cunha decoracións especial e unha mesa doce. Esta corrente de decorar os eventos penso que se colleu por influencia doutras culturas nas que xa era habitual facelo. O forte desta moda empezou haberá uns 3 ou 4 anos e foi en incremento. E despois, composicións pequenas de globos facemos todas as semanas, xa sexa para un aniversario ou como un regalo especial. É moi raro a semana que non fagamos unha composición de globos para recoller en tenda, dado que nós só entregamos cando son encargas de máis de 100 euros. Agora está moi de moda facer estas composicións para os nacementos, festas ou incluso para entregar os cartos dunha voda.

- Ademais, facedes cestas para regalar cando nace algún neno ou nena.

- M.I: Si, levamos bastante tempo facéndoas. A cesta é unha cousa que nos demandan moito, é rara a semana que non entregamos 2 ou 3 cestas. Deste tipo de produtos sempre temos algo xa feito en tenda por se chega algún cliente con présa e necesita levala no momento. Outra modalidade que se leva moito son os pasteis de cueiros, cousas así máis prácticas.

A maiores, tamén facemos caixas de chocolates que podemos facer en calquera época, non ten porque ser un día sinalado. Para datas como Pascua ou o Día dos Namorados xa as temos feitas porque é cando hai unha maior demanda pero o resto de días tamén se poden pedir. Por exemplo, este ano para a Pascua temos varias opcións en madeira con chocolates dentro: coello, Hello Kitty e outros dous deseños máis aínda por determinar.

- Funcionan as redes sociais como escaparate para vender os comercios locais?

- M.I: Moito. A nós funciónanos xenial subir fotos ou vídeos dos artigos porque ao pouco tempo xa temos xente chamando para preguntar ou reservar directamente. Estes días de atrás tivemos o 3x1 en roupa infantil e a clientela xa quería un directo para ver a mercancía que tiñas nesa promoción. Os hábitos de consumo mudaron moito dende a pandemia, temos clientela que nos merca polas redes sociais, paga a través de bizum, enviámosllo e xa non a vemos. A xente habituouse moito a mercar a distancia e agora séguenо facendo a través das redes sociais. De feito, as mesas doces que temos encargadas só unha persoa veu de xeito presencial á tenda.

Mis Mejores Labores
Ronda da Coruña, 38
15800 - Melide
Tlf: 981 50 90 85

Instituto de la Sordera

CAMPAÑA DE DETECCIÓN PRECOZ DE LA PÉRDIDA AUDITIVA

2023

NUESTRA MISIÓN EMPRESARIAL ES HACER SU VIDA MÁS SENCILLA CON UNA SOLUCIÓN BRILLANTE



Se colocan totalmente dentro del oído, prácticamente invisible.

No solo es un excelente audífono, es una verdadera solución multifuncional.

- **Sonido claro y variado.**
- **Conexión a teléfonos inteligentes, TV y más**
- **Tecnología recargable** (olvídese de las pilas), se cargan rápidamente y ofrecen un día completo de audición.
- **Se activan automáticamente** al retirarse del cargador y se desactivan cuando se vuelven a colocar.

PRUÉBELOS ¡UN MES GRATIS! EN CASA

Y PÁGUELOS CÓMODAMENTE EN PLAZOS DE 3, 6, 12 Ó 36 MESES

Solicite **UNA CITA** en nuestro Centro Auditivo para realizarle un completo examen auditivo, **sin coste para usted**

Estudio Auditivo Gratuito

E-15-001359

INSTITUTO DE LA SORDERA S.L.
Ronda da Coruña, 34
15800 Melide - A Coruña
Tel.: 981 50 72 87
648 75 47 61

Pedir hora